



ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Emprego e Igualdade

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Emprego e Economía Social

Resolución de inscrición e publicación do calendario laboral do ano 2022 do convenio colectivo sectorial de “Derivados do cemento” da provincia da Coruña

Logo de constituírse a comisión negociadora do convenio colectivo sectorial de “Derivados do cemento” da provincia da Coruña, (código de convenio número 15000465011981 e publicado no BOP núm 191 o 05 de outubro de 2018), subscríbese con data 21 de abril de 2022 o calendario laboral do ano 2022 polas partes lexitimadas e solicítase a súa inscrición e publicación con data 27 de abril de 2022.

De acordo co disposto no artigo 90 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE núm 255, do 24 de outubro de 2015) e no artigo 2.1 e concordantes do Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, (BOE núm.143, do 12 de xuño de 2012), así coma na Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm 222, do 18 de novembro) modificada pola Orde do 14 de marzo (DOG núm. 60 de 26 de marzo de 2013).

Considerando que a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Coruña é competente para resolver a inscrición do calendario laboral do ano 2022 do convenio colectivo sectorial de “Derivados do cemento” da provincia da Coruña e para dispoñer a súa publicación ao abeiro do disposto nos artigos 28 e 62.2 do Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade (DOG núm. 253, do 17 de decembro de 2020).

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. A inscrición do calendario laboral do ano 2022 do convenio colectivo sectorial de “Derivados do cemento” da provincia da Coruña no rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A remisión do calendario laboral do ano 2022 do convenio colectivo sectorial de “Derivados do cemento” da provincia da Coruña ao Boletín Oficial da provincia da Coruña para a súa publicación.

A Coruña, 10 de maio de 2022

A xefa territorial da Consellería de Emprego e Igualdade

Judit Fontela Baro

CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DE DERIVADOS DO CEMENTO DA PROVINCIA DE A CORUÑA

COMISIÓN NEGOCIADORA

2ª Reunión 2022

21 de Abril de 2022

ASISTENTES:

Representación social:	Representación empresarial:
CCOO: Ricardo Oscar Santos Reiriz DNI: 52.459.796-Q	ASFADCE Francisco García Carrillo DNI: 32.755.668-B
UGT: Felipe López Calvo DNI: 32.684.425-E	
CIG: Mario Maceiras Dosil DNI: 44.828.275-X	
Marcos Sánchez Branco DNI:32.686.805-X	

En A Coruña, nos locais da Confederación de Empresarios de A Coruña (CEC), sendo as 10:30 horas do **día 21 de Abril de 2022**, reúnese a mesa da comisión negociadora do Convenio Colectivo do sector de Derivados do Cemento da provincia de A Coruña.

Acordase por todas partes asistentes fixar o calendario laboral con vixencia exclusiva para o ano 2022:

De acordo co artigo 35 do Convenio Colectivo Provincial de Derivados do Cemento de A Coruña 2017-2020, a duración da xornada anual será de 1.736 horas anuais. Por tanto, para axustar a xornada anual ao calendario do ano 2022, e traballando a razón de 8 horas diarias, habería que fixar 9 días festivos de convenio por axuste de xornada ou 72 horas. Dadas as datas do ano en que nos encontramos, fíxanse 7 días e os restantes 2 días, de non haberse disfrutado, serán fixados en cada centro entre a empresa e os traballadores/as. Polo que esta comisión acorda fijar un calendario laboral do 2022 para aquelas empresas que non dispoñan de calendario e non axustaran a xornada anual.

Por unanimidad acuerdase fixar os seguintes días como axuste de xornada:

16 de maio

31 de outubro

5, 7, 9, 23 e 30 de decembro

Os días sinalados no párrafo anterior poderán ser modificados por acordo entre a empresa e os traballadores/as para axustalos ás necesidades das partes. Así mesmo, no caso de non haberse disfrutado algún dos días de Convenio sinalados no Párrafo anterior, as partes (Empresa e Traballadores), acordaran unha nova data de disfrute.

Se nalgún Concello fosen sinaladas como festividades locais día que teñan o carácter de Festivo-Convenio, establécese a súa substitución como día festivo polo día laborable inmediatamente anterior ou, no seu caso posterior.

As partes fixan a seguinte reunión para o día 18 de maio de 2022, ás 10:30 horas nos locais da Confederación de Empresarios de A Coruña.

As partes acoordan autorizar a **Don Ignacio Bouzada Gil**, con DNI 35468859F, do **Consello Galego de Relacións Laborais**, para proceder a facer cantos trámites sexan necesarios ante a autoridade laboral para a inscrición e rexistro dos presentes na plataforma REGCON, así como en todos os rexistros que sexan precisos coa finalidade da súa validación e publicación.

E non habendo máis asuntos que tratar, levantase a reunión sendo as 12:30 horas da data arriba indicada, do cal as partes dan fe coa súa firma.

2022/2606